



SEGUNDA RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE PROXECTOS DA SEGUNDA CONVOCATORIA DO FONDO X21

Esta resolución administrativa contén a relación de proxectos seleccionados con carácter definitivo das diferentes modalidades e categorías orzamentarias de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021, a declaración de baixas definitivas segundo o previsto na Resolución do 8 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases da Segunda convocatoria do Fondo X21, así como a aprobación do **requirimento colectivo** ás persoas titulares da lista da agarda con puntuación suficiente para cubrir as baixas definitivas e a corrección de erros de datos identificativos e outras circunstancias que afectan ás persoas titulares dos proxectos seleccionados, rexeitados e da lista de agarda publicados coa primeira resolución administrativa do 15/06/2022 na [páxina web](#).

(https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/axuda/convocatoria_0056/)

FEITOS

Mediante a Resolución do 8 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aprobáronse as bases da segunda convocatoria do Fondo X21.

O día 15 de xuño de 2021 publicouse na [páxina web](#) a primeira resolución administrativa de proxectos seleccionados, excluídos e rexeitados das diferentes modalidades e categorías orzamentarias de proxectos do Fondo X21, segundo o previsto na Resolución do 8 de marzo de 2021.

Na primeira resolución administrativa de proxectos seleccionados do Fondo X21, indicouse a relación de proxectos seleccionados con carácter definitivo. Así mesmo, publicouse a relación de proxectos seleccionados con carácter provisional ata que as persoas titulares dos referidos proxectos xustificasen documentalmente a contratación de persoal asalariado durante a execución do proxecto.

Mediante a primeira resolución de selección de proxectos do Fondo X21, fíxoselles un





requirimento colectivo ás persoas titulares de proxectos seleccionados provisionalmente das diferentes modalidades de proxectos do Fondo X21, co fin de que acreditasen documentalmente a xustificación de ter persoal contratado durante a execución dos proxectos para ser susceptibles de ser contratados pola Administración contratante.

O devandito requirimento dirixiuse ás persoas licitadoras autónomas, ás empresas e ás cooperativas titulares de proxectos do Fondo X21 da categoría orzamentaria de proxectos de máis de 6.000 € e ata 15.000 €, incluídos todos os impostos, e tamén ás entidades públicas ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro —asociacións ou fundacións— que licitaron á convocatoria para acceder á adxudicación de proxectos de calquera categoría orzamentaria do Fondo X21 (ata 6.000 € ou máis de 6.000 € e ata 15.000 €, incluídos todos os impostos), de acordo coas bases da convocatoria.

Para o caso das persoas licitadoras con forma xurídica de cooperativas, a acreditación da súa forma xurídica na fase de presentación de solicitudes exímeas de acreditar nesta fase a contratación de persoal laboral alleo para o desenvolvemento do proxecto, sempre e cando os seus socios traballadores estean de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores autónomos (RETA).

Pola súa banda, as entidades públicas ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro —asociacións ou fundacións— só poden participar no procedemento e acceder aos contratos do Fondo X21 cando teñan persoal alleo contratado para a execución dos proxectos a cargo da súa organización. Por ese motivo, deben acreditar sempre as contratacións laborais e as altas na Seguridade Social en calquera das categorías orzamentarias dos proxectos do Fondo X21, segundo o previsto nas bases da convocatoria e na Guía do procedemento publicadas nana [páxina web](#).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Segundo a base décimo primeira, apartados 3 e 4 da segunda convocatoria do Fondo X21, e de acordo co requirimento colectivo realizado a través da primeira resolución administrativa de proxectos seleccionados, logo de examinar a documentación xustificativa presentada polas persoas titulares dos proxectos requiridos, publicarase a relación de proxectos seleccionados para o Fondo X21 con carácter definitivo.





Segundo a base décimo sexta da segunda convocatoria do Fondo X21, os proxectos seleccionados para cada modalidade publicaranse mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na [páxina web](#). Nela indicárase, por orde decrecente, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado.

As persoas interesadas poden ver un resumo do esquema do procedemento para a selección de proxectos do Fondo X21 na páxina 13 da Guía para as persoas adxudicatarias, publicada na ligazón indicada da [páxina web](#).

Polo exposto, e de conformidade coas bases da segunda convocatoria do Fondo X21 e co esquema de selección de proxectos do Fondo X21,

RESOLVO:

1 Seleccionar con carácter definitivo os proxectos das diferentes categorías orzamentarias e modalidades —dixital, presencial e material— do Fondo X21 e, dentro delas, tamén os proxectos que combinan diferentes formatos, segundo as bases da segunda convocatoria do Fondo X21 e, de ser o caso, iniciar os trámites administrativos e contables para a súa adxudicación e contratación administrativa.

Os proxectos seleccionados con carácter definitivo pódense consultar no Anexo I desta resolución.

A selección definitiva dos proxectos identificados no anexo I non xerará dereitos económicos en favor das persoas titulares ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente.

2 Declarar que causan baixa definitiva no procedemento para a adxudicación de contratos menores do Fondo X21 as persoas titulares dos proxectos da categoría orzamentaria de máis de 6000 € e ata 15.000 €, incluídos todos os impostos, así como os proxectos das entidades ou institucións privadas sen ánimo de lucro das diferentes categorías orzamentarias do Fondo X21 que, logo do transcurso do prazo de dez días naturais, a contar desde a data de publicación da primeira resolución de proxectos seleccionados na [páxina web](#), non xustificaron documentalmente, ou xustificaron deficientemente ou fóra de prazo ter persoal contratado durante a execución do proxecto, de acordo co previsto na base décimo primeira, apartado 4, da segunda





convocatoria do Fondo X21.

Os proxectos que causen baixa definitiva no procedemento do Fondo X21 e as persoas que figuren como titulares deles poderanse consultar no anexo II desta resolución.

3 Os proxectos da lista de agarda que, por orde de puntuación, **poden cubrir as baixas definitivas** declaradas no apartado anterior (anexo II) en substitución daqueles son os que figuran no anexo III e a súa selección será provisional ou definitiva en función da súa categoría orzamentaria e da persoa física ou xurídica que sexa a súa titular.

Os proxectos da lista de agarda que poden cubrir as baixas definitivas pódense consultar no Anexo III desta resolución.

MOI IMPORTANTE: *todas aquelas persoas titulares de proxectos que aparecen no Anexo III co carácter de "provisional" deberán atender o requirimento feito mediante publicación no punto 4 desta resolución. Non se farán requirimentos individualizados.*

4 Requirit as persoas físicas ou xurídicas licitadoras de proxectos que figuran na lista de agarda publicada o 15/06/2021 na [páxina web](#) e máis no **anexo III** coa categoría de **“admitidos provisionais”** para que **acrediten a xustificación documental de que dispoñen de persoal asalariado** durante a execución do proxecto, cando este requisito sexa obrigatorio segundo as bases da convocatoria do Fondo X21.

A relación de persoas titulares de proxectos da lista de agarda ás que vai dirixido o requirimento de acreditación de persoal contratado atópase, así mesmo, no anexo III desta resolución administrativa.

A finalidade do requirimento colectivo é que as persoas titulares de proxectos da lista de agarda, de acordo coa súa puntuación, poidan acceder á adxudicación de proxectos de calquera das modalidades do Fondo X21, en substitución das persoas titulares de proxectos que causan baixa definitiva no procedemento do Fondo X21.

A acreditación documental será obrigatoria para as persoas profesionais autónomas e para as empresas que sexan titulares de proxectos da lista de agarda de máis de 6.000





€ e ata 15.000 €, incluídos todos os impostos, así como para as entidades ou institucións privadas sen ánimo de lucro que sexan titulares de proxectos de calquera modalidade ou categoría orzamentaria. Non será necesario que presenten a documentación xustificativa de ter persoal contratado alleo para a execución do proxecto as cooperativas con socios traballadores de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores autónomos (RETA).

Polo exposto, as persoas profesionais autónomas, as empresas culturais e lingüísticas para proxectos de contía superior a 6.000 € e ata 15.000 €, incluídos todos os impostos, e as entidades ou institucións privadas de carácter cultural e/ou lingüístico sen ánimo de lucro para proxectos de calquera das dúas categorías orzamentarias deberán presentar, no prazo improrrogable de **5 días naturais**, algún destes documentos:

- Documento oficial da Seguridade Social do persoal contratado.
- RNT (relación nominal de traballadores).
- Outra documentación oficial xustificativa da alta na Seguridade Social do persoal contratado.

O prazo concedido de **5 días naturais** terá carácter improrrogable e comezará a contar a partir do día seguinte ao día da publicación desta resolución administrativa na [páxina web](#).

A documentación requirida presentarse como “Acheга de documentación separada” do expediente de solicitude orixinal, a través do PR004A, sen necesidade de crear un novo expediente.

Logo do transcurso do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento, se as persoas licitadoras da lista de agarda (identificadas no anexo III desta resolución) xustifican na forma documental prevista no apartado anterior ter contratado persoal asalariado durante a execución do proxecto, o órgano instrutor publicará unha terceira resolución de proxectos seleccionados con carácter definitivo de calquera das modalidades ou categorías orzamentarias do Fondo X21, que non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se lles notifique individualmente a resolución de adxudicación do contrato correspondente. Na terceira resolución de proxectos seleccionados con carácter definitivo identificaranse, así mesmo, as persoas licitadoras dos proxectos requiridos nesta resolución que causen baixa definitiva no procedemento para a selección de proxectos do Fondo X21 cando non xustifiquen no





prazo outorgado ter contratado persoal asalariado durante a execución do proxecto ofertado. Neste caso, as baixas definitivas serán cubertas por outras persoas titulares de proxectos da lista de agarda do Fondo X21 de calquera modalidade da categoría orzamentaria de proxectos de ata 6.000 €, incluídos todos os impostos e, de ser o caso, só deberán acreditarán ter persoal contratado durante a execución do proxecto as entidades ou institucións privadas sen ánimo de lucro de carácter cultural ou lingüístico no prazo e na forma que se determine na correspondente resolución administrativa.

5 Corrixir erros de transcripción de datos identificativos e outras circunstancias, de acordo co **anexo IV**, que afectan ás persoas titulares dos proxectos seleccionados, rexeitados e da lista de agarda de proxectos do Fondo X21, publicada coa primeira resolución.

Os proxectos con corrección de erros pódense consultar no Anexo IV desta resolución e inclúen as seguintes correccións:

- A) Por nome inexacto da persoa titular do proxecto
- B) Por proxectos que non figuraban na lista de agarda
- C) Por proxectos que non figuraban na lista de rexeitados

A corrección de erros do apartado A do anexo IV producirá efectos sobre os anexos correspondentes da 1ª resolución administrativa publicada na páxina web e, de ser o caso, nas resolucións de adxudicación correspondentes que serán notificadas ás persoas interesadas, na medida do posible, sen os erros de transcripción advertidos.

As correccións de erros do apartado B levarán aparellada a actualización inmediata da lista de agarda, cuxa prelación se verá afectada respecto da publicada anteriormente na páxina web xunto coa primeira resolución administrativa de proxectos, seleccionados, excluídos e rexeitados do Fondo X21.

A corrección de erros do apartado C terá efectos sobre o anexo correspondente de proxectos **rexeitados** publicados na 1ª resolución.

6. Actualizar a lista de agarda de acordo co **anexo V**, en función do descrito nos





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 996 301 Fax: 881 996 306
sxpl.secretaria@xunta.gal
www.lingua.gal

puntos precedentes desta resolución.

Esta resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela polo secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



Xacobeo 21-22

